

ANEXO XVII

Acreditación do cumprimento dos prazos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

A acreditación do cumprimento dos prazos de pagamento realizarase do seguinte modo:

1. As persoas físicas e as xurídicas que poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada poderano acreditar mediante certificación subscrita pola persoa física ou, no caso das persoas xurídicas, polo órgano de administración ou equivalente, en que afirmen alcanzar o nivel de cumprimento dos prazos de pagamento da Lei 3/2004. Poderán tamén acreditar a dita circunstancia por algún dos medios de proba previstos no punto 2 seguinte e con suxeición á súa regulación.

2. As persoas xurídicas que, de acordo coa normativa contable, non poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada acreditarano mediante:

1º) Certificación emitida por un auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC), que conteña unha transcripción desagregada da información en materia de pagamentos descrita na memoria das últimas contas anuais auditadas, cando delas se desprenda que se alcanza o nivel de cumprimento dos prazos de pagamento establecidos na Lei 3/2004. Esta certificación será válida ata que resulten auditadas as contas anuais do exercicio seguinte.

2º) No caso de que non sexa posible emitir o certificado a que se refire o punto 1º, entón as empresas deberán presentar o informe de procedementos acordados, elaborado por un auditor rexistrado no ROAC, que, con base na revisión dunha mostra representativa das facturas pendentes de pagamento a provedores da sociedade nunha data de referencia, conclúa sen a detección de excepcións ao cumprimento dos prazos de pagamento da Lei 3/2004, ou no caso de que se detectasen, estas non impidan alcanzar un nivel de cumprimento dos prazos de pagamento de, polo menos, un 90 % das facturas, de conformidade co previsto na disposición derradeira sexta, letra d, ordinal segundo, da Lei 18/2022, do 28 de setembro, de creación e crecemento de empresas.

Se a certificación de auditor ou o informe de procedementos acordados non se pode obter antes da terminación do prazo establecido para a súa presentación, achegarse xustificante de telo

solicitado e, unha vez obtido, presentarase inmediatamente e sempre antes da resolución de concesión definitiva.

Tal e como se anticipou anteriormente, entenderase cumprido o requisito exixido neste punto cando o nivel de cumprimento dos prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004 sexa igual ou superior á porcentaxe prevista na disposición derradeira sexta, letra d), ordinal segundo, da Lei 18/2022 (polo menos o 90 % das facturas pagas en prazo).

Exclúense as facturas correspondentes a provedores que formen parte do mesmo grupo de sociedades.